

Instrución I/2007 da Xerencia da Universidade referente aos criterios de actuación no proceso de eleccións sindicais do persoal da USC

Iniciado o proceso electoral procede, para xeral coñecemento, ditar a seguinte instrución:

Fixación do número e distribución das Mesas Electorais:

Campus de Santiago de Compostela

Persoal Docente e Investigador Funcionario

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 1	Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñería	Fac. de Bioloxía
Mesa nº 2	Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/E.U Relacións Laborais	Fac. de Dereito
Mesa nº 3	Fac. de Farmacia	Fac. de Farmacia
Mesa nº 4	Fac. CC da Educación/ Fac. Psicoloxía	Edificio Central Fac. CC da Educación e Fac. Psicoloxía
Mesa nº 5	Fac. de Física/E.U de Óptica	Fac. Física
Mesa nº 6	Fac. de CC Económicas/E.U. de Enfermería	Fac. CC Económicas e Empresariais
Mesa nº 7	Fac. de Filoloxía/Fac. CC Comunicación	Fac. de Filoloxía
Mesa nº 8	Fac. de Medicina e Odontoloxía	Fac. Medicina e Odontoloxía
Mesa nº 9	Fac. de Química	Fac. Química
Mesa nº 10	Fac. Xeografía e Historia/Fac. Filosofía	Fac. Xeografía e Historia

Persoal Docente e Investigador Laboral

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 11	Fac. de CC Económicas/E.U. de Enfermería Fac. de Filoloxía/Fac. CC Comunicación Fac. de Medicina e Odontoloxía Fac. Xeografía e Historia/Fac. Filosofía	Fac. CC Económicas e Empres.
Mesa nº 12	Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñaría Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/E.U Relacións Laborais Fac. de Farmacia/Fac. CC Educación/Fac. Psicoloxía Fac. Fac. de Física/E.U de Óptica/Fac Química	Fac. de Química

Persoal Funcionario de Administración e Servizos

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 13	Persoal Funcionario de Administración e Servizos	Colexio de San Xerome

Persoal Laboral de Administración e Servizos

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 14	Persoal Laboral Técnicos e Administrativos	Colexio de San Xerome
Mesa nº 15	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (A-L)	Colexio de San Xerome
Mesa nº 16	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (M-Z)	Colexio de San Xerome

Campus de Lugo

Persoal Docente e Investigador Funcionario

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 1	Escola Politécnica Superior/Fac. Veterinaria/Fac. Humanidades	Escola Politécnica Superior
Mesa nº 2	Fac. Ciencias/Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias
Mesa nº 3	E.U. de Maxisterio	E. U de Maxisterio

Persoal Docente e Investigador Laboral

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 4	Escola Politécnica Superior / Fac. de Veterinaria / Fac. Humanidades / Fac. Ciencias / Fac. Admón. e Dirección de Empresas / EU Maxisterio	Escola Politécnica Superior

Persoal Funcionario de Administración e Servizos

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 5	Persoal Funcionario de Administración e Servizos	Vicexerencia

Persoal Laboral de Administración e Servizos

Mesa	Censo	Localización da mesa
Mesa nº 6	Persoal Laboral Técnicos e Administrativos	Vicexerencia
Mesa nº 7	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados	Vicexerencia

- As mesas Coordinadoras do Persoal Funcionario e as Centrais do Persoal Laboral terá a súa sede nos locais sindicais.
- A constitución de cada Mesa farase formalmente mediante acta outorgada para o efecto.
- Os cargos de Presidente, Vocal e Secretario das Mesas Electorais son irrenunciabes.
- Permisos. Tendo en conta que a participación nas Eleccións Sindicais constitúe o cumprimento dun deber de carácter público, concederanse os seguintes permisos:
 - Compoñentes das candidaturas. Durante a campaña electoral aplicarase un réxime de flexibilidade horaria ao fin de que podan asistir ás xuntanzas e actos electorais que se convoquen, previo aviso aos responsables das súas unidades de destino.
 - Compoñentes das mesas e representantes da Administración. Gozarán de permisos polo tempo necesario para asistir ás xuntanzas. Disporán así mesmo dun permiso retribuído de xornada completa no día da votación e unha redución de cinco horas na súa xornada de traballo do día inmediatamente posterior.
 - Interventores e apoderados das candidaturas. Gozarán de permiso durante todo o día da votación e dunha redución de cinco horas de xornada na data inmediatamente posterior.
- Electores. Terán dereito a dúas horas de licenza para a asistencia á votación.
- Coordinación xeral. Designouse como tal á Vicexerente, que con ámbito de actuación en toda a Universidade, será a encargada de harmonizar os criterios de actuación da Universidade neste proceso.
- Representantes da Administración. A Xerencia designou un representante da Administración da Universidade nas Mesas Coordinadoras e Centrais que asistirá ás votacións e ao escrutinio e velará especialmente porque se cumpra a remisión dunha copia da acta global do escrutinio á Oficina Pública Autonómica e á Xerencia da Universidade, así como a súa publicación nos taboleiros de anuncios.

Por parte da Xerencia solicítase colaboración durante o proceso electoral en todos os centros da Universidade na publicación de censos, material, etc.

Para máis información, pode consultar:

<http://www.usc.es/xerencia/Eleccions2007/Eleccions2007.htm>

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007

O Xerente

Pedro García Moreno